

# RECENSIONES

## *Docentes de infantil. Luthiers del futuro*

Abelleira Bardanca, A., Abelleira Bardanca, I. (2023). Barcelona: Octaedro.

Por ACR



Ángeles e Isabel Abelleira Bardanca, irmás, son dúas destacadas docentes no concello de Ames, á beira de Compostela, que de modo continuado veñen alimentando con creatividade e con xenerosidade unha web, apreciada e recoñecida por moitas mestras e por nais e pais no Estado español, mais tamén desde Colombia ou Brasil, lugares onde transcendeu o seu traballo formativo. Falamos de «InnovArte. Educación Infantil», en dupla versión galega e española. En certo modo, o hórreo ou cabozo onde van gardando, de modo aireado, os grans cos que logo van compoñendo os textos e libros, que nalgúns casos foron tamén merecentes de premios desde a mirada da renovación pedagóxica.

*Docentes de infantil. Luthiers del futuro* é a terceira entrega. Na primeira, *Os fíos de infantil*, baixo o símil dunhas tecedoras de mantas, as autoras establecían as vinte constantes que deben estar presentes en toda práctica educativa infantil. No segundo, *O latexo dunha aula infantil*. Eloxio do cotián, trazaron dez eixos temáticos que cabe abordar na etapa, e agora céntranse na docencia, o como ser e estar na escola nun momento tan complexo como o actual, no que, ás dificultades derivadas dos hábitos ou tendencias imperantes, súmanse as consecuencias da crise económica e social que tanto impacta nas vidas de nenas e nenos.

Partindo da comparación da docencia co oficio dos luthiers, procuran aproximarse a cuestións como as concepcións e principios educativos, a didáctica, a diversidade, a formación do profesorado, as actividades e a satisfacción profesional. Afirmar que a acción máis crucial é «poñer a alma», esa minúscula peza que conecta a parte inferior coa superior, cuxa carencia produce un son oco, disperso e desordenado. As irmás Abelleira analizan as polarizacións pedagóxicas e didácticas que se viviron nas últimas décadas e delimitan o espazo que queda entre o 'todo vale' e o 'nada está ben'; entre a idealización romántica e a descarnada realidade; entre a tiranía do activismo e as ataduras do *laissez faire*; entre a condescendencia emocional e a asepsia académica; entre a aculturación elitista e a banalización festiva; entre o adiantar acontecementos e o retardar tempos; entre a sacralización dos recursos e ferramentas e o anacoretismo tecnolóxico; entre o pesimismo colectivo e o heroísmo fatuo; e entre a diferenza niveladora e a igualdade segregadora. Un libro necesario para quen queira coñecer como se vive unha profesión con compromiso coa sociedade actual e a do futuro, norteadas polo humanismo e a utopía posible.

Un texto para lectura acalmada, con anxeio de formarse, sabendo e aprendendo que educar é unha 'profesión de risco', porque enchoupa a vida enteira das e dos educadores. ■

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932  
Páx. 90 - 92